



I

ÁREA DE CULTURA, DEPORTES E MUSEOS CIENTÍFICOS

Asunto: Creación do Consello da Memoria Democrática

DECRETO

Vista a proposta do Director de Área de Cultura, Deportes e Museos Científicos e sendo competencia do Alcalde a tenor do establecido no artigo 2.3 do Regulamento Orgánico de Participación Cidadá establece,

RESOLVÍN

Primeiro.- Crear o Consello da Memoria Democrática.

Segundo.- Aprobar a composición, funcións e normas específicas de funcionamento do Consello da Memoria Democrática, que se recollen no anexo I que se xunta a esta resolución.

Alcaldía-Presidencia da cidade de A Coruña,

O Alcalde,

Xulio Xosé Ferreiro Baamonde





ÁREA DE CULTURA, DEPORTES E MUSEOS CIENTÍFICOS

Asunto: Creación do Consello da Memoria Democrática

Informe-Proposta:

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 6 de febreiro de 2017, aprobou unha moción na que se instaba a constituír o Consello da Memoria Democrática, presidido polo Alcalde, ou persoa na que delegue, e aberto á participación de todos os grupos municipais, asociacións, entidades, investigadores e historiadores que traballen pola recuperación da memoria histórica, crear unha oficina de atención ás vítimas e incorporar ao Concello da Coruña á Rede de Municipios polo Acceso á Xustiza das Vítimas do Franquismo.

A proposta de creación do Consello da Memoria Democrática pretende dar cumprimento ao establecido na Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura. A Lei 52/2007 ten como finalidade promover a reparación moral e a recuperación da memoria persoal e familiar daquelas persoas que padeceron persecución ou violencia por razóns políticas, ideolóxicas ou de crenza relixiosa durante a guerra civil e a ditadura. A Lei establece no seu artigo 11º a obriga das administracións públicas de facilitar aos descendentes directos das vítimas que así o soliciten as actividades de indagación, localización e identificación das persoas desaparecidas violentamente durante a Guerra Civil ou a represión política posterior e cuxa localización se ignore.

Coa finalidade de dar cumprimento ao primeiro punto da moción aprobada polo Pleno Municipal do 6 de febreiro de 2017, resulta necesaria a creación dun consello da memoria democrática, integrado por representantes de todos os grupos municipais e das principais entidades e persoas cuxa actividade estea vinculada á recuperación da memoria histórica, que actúe como órgano consultivo, de participación e impulso en relación coas políticas municipais coa recuperación da memoria persoal e familiar das vítimas da guerra civil e a ditadura e a atención e apoio aos seus descendentes directos.

O Regulamento Orgánico de Participación Cidadá establece no seu artigo 2.3 que, ademais dos órganos de participación nel establecidos, o Alcalde poderá crear consellos de participación cidadá de carácter sectorial ligados a servizos ou actividades concretas e que a súa composición, funcións e normas de funcionamento serán determinadas polo decreto que os cree.

Á vista do sinalado, proponse a seguinte resolución:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Crear o Consello da Memoria Democrática.



Segundo.- Aprobar a composición, funcións e normas específicas de funcionamento do Consello da Memoria Democrática, que se recollen no anexo I que se xunta a esta resolución.

A Coruña, a 5 de outubro de 2017

O Director de Área de Cultura, Deportes
e Museos Científicos,

Miguel Ángel Martín Fernández

Conforme. O Concelleiro Delegado de
Cultura, Deporte e Coñecemento

José Manuel Sande García